

A ORIENTACIÓN EN GALICIA NO ENSINO SECUNDARIO: A PRAXE DOS/AS ORIENTADORES/AS

Neves Arza Arza

Facultade de Ciencias da Educación Universidade da Coruña

RESUMO

Nesta comunicación dase conta dalgúns resultados dunha investigación levada a cabo no curso 95-96 sobre a orientación no ensino secundario en Galicia. Concretamente caracterízase a intervención que no marco dos proxectos de orientación están a despreparar os profesores responsables dos mesmos. Nesta investigación participaron un total de 92 orientadores/as. A recolleita de información efectuouse a partir das súas opinións expresadas a través dun cuestionario.

Os achádegos da pesquisa amosan o predominio da intervención directa sobre a indirecta e das actuacións individuais sobre as grupais. No que respecta os contidos da función orientadora, co profesorado as actuacións máis habituais son as relacionadas coa facilitación da información sobre o alumnado xunto coas de proporcionar recursos para o desenvolvemento da titoría e o asesoramento sobre os procesos de avaliación. En relación co tipo de consulta prima a remedial sobre a preventiva. A actuación cos pais/nais ten un marcado carácter remedial, focalizándose na entrevista individual motivada por problemas do/a alumno/a.

Na praxe co alumnado, as tarefas máis realizadas son as relativas ó ámbito da orientación profesional, concretamente as da dimensión diagnóstica, informativa e de consello. A continuación sitúanse as destinadas a adquisición de técnicas, estratexias e hábitos de estudo. No ámbito da atención á diversidade, é máis habitual o seguimento e o diagnóstico que a intervención tanto no que sería o deseño de pautas como a intervención directa, neste sentido evidenciase unha ruptura no proceso diagnóstico-intervención (deseño/ou actuación) e seguimento; os dous extremos do proceso serían os máis realizados, máis o último que o primeiro. A área de desenvolvemento socio-afectivo é a que menos atención recibe.